

PDI E agromará outro bosque

Proxecto documental integrado coordinado desde a biblioteca escolar

Biblioteca A quinta dos libros

CPI Manuel Suárez Marquier (O Rosal)

Curso 2013-2014

Índice

1. Introducción	Páxina 2
2. Obxecto ou temática de investigación propostos	Páxina 3
3. Descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta	Páxina 3
4. Relación das tarefas máis importantes levadas a cabo	Páxina 3
5. Recursos utilizados e fontes consultadas	Páxina 11
6. Implicación da comunidade educativa	Páxina 11
7. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa	Páxina 12
8. Avaliación realizada	Páxina 12
9. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso	Páxina 12

1. Introducción

a. Tema e xustificación

Dende fai tres anos a biblioteca do centro impulsa o traballo por proxectos. Intentamos buscar un tema que se poida enfocar dende diferentes materias. A nova temática de cada proxecto é aprobada no claustro para facer partícipes a todo o profesorado.

Este ano a temática veu dada pola triste realidade que viviu o noso concello durante o mes de agosto. Os incendios que asolaron esta zona determinaron cal sería o eixe temático deste ano. Este fatídico acontecemento uniu este proxecto co do ano pasado. Durante o curso 2012-2013 estivemos a estudar o Rosal: fauna, flora, arquitectura, literatura, etc. Un dos principais obxectivos era que valoraran o seu propio concello. Este ano incidimos no mesmo, centrándonos no monte do concello. Han de coñecer a súa contorna para poder apreciála e valorala.

b. Calendario de realización. O proxecto traballouse durante todo o curso 2013-2014.

c. Alumnado e profesorado participante

Participaron todos os niveis educativos neste proxecto. A maioría traballou durante todo o ano, os outros uníronse nalgunha das partes. Implicouse todo o equipo da biblioteca, composto por trece profesores de diferentes niveis educativos, todos os titores de primaria (once profesores), e profesores de diferentes materias de secundaria. Participou máis da metade do claustro.

d. Obxectivos

1. Coñecer as causas e consecuencias dos incendios.
2. Aprender a valorar o noso entorno.
3. Experimentar e investigar a partir de diferentes fontes documentais.
4. Fomentar e facilitar a lectura de textos diferentes e en calquera tipo de soporte.
5. Discriminar a información relevante da que non é.
6. Aprender a procesar a información e a comunicala.
7. Elaborar material de produción propia (libros, carteis...)
8. Respetar os puntos de vista dos demais.

e. Competencias

Con este proxecto traballaremos todas as competencias; pero hai unha que se converte no punto de partida de todas: **a aprender a aprender**. Buscamos un alumno autónomo que senta a necesidade de ampliar os seus coñecementos. Por iso lle ofrecemos recursos para que poda planificar o seu traballo.

A linguaxe que convértese en instrumento principal tanto na comunicación oral coma escrita. Potenciarase a **competencia en comunicación lingüística** a través da lectura e da escritura de diferentes tipos de textos, na súa comprensión e na obusca de información. A **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** traballarase promovendo a familiaridade con conceptos científicos e técnicos fundamentais pero que tamén requiren a habilidade da indagación, da investigación e da interacción co entorno, moverse nel e resolver problemas. Potenciaranse as

habilidades para buscar, obter e procesar a información requirida, comunicala e transformala en coñecemento. Desenvolvendo deste modo a **competencia do tratamento da información e competencia dixital**. Este traballo é un medio eficaz para facilitar a integración e fomentar o respecto, contribuíndo ao desenvolvemento da cooperación, a igualdade e o traballo en equipo. Incidirase polo tanto na **competencia social e cidadá**. Mediante o coñecemento e a valoración do patrimonio cultural e artístico do concello traballárase e **competencia cultural e artística**.

E por último, o alumnado enfrontarase a situacións nas que el é o protagonista da súa propia aprendizaxe e a actividades globais onde as súas relacións e as súas decisións repercuten ao logro dos obxectivos do grupo (**competencia de autonomía e iniciativa persoal**).

2. Obxecto ou temática de investigación propostos

Poderíamos dividir todo o traballo en tres fases:

1ª Fase: Presentación do proxecto á comunidade educativa.

2ª Fase: Desenvolvemento do PDI *E agromará outro bosque*. Quixemos aproveitar esta dramática situación para coñecer mellor o noso monte e aprender a valoralo. Dividiuse en tres partes que se traballaron en cada avaliación.

- En primeiro lugar, queríamos centrarnos na expresión dos sentimentos. O alumnado viviu de cerca os incendios. Queríamos que contasen como o viviron e que sentiron durante eses días e posteriormente.
- En segundo lugar, analizamos as causas e as consecuencias dos incendios. Nesta parte do proxecto acompañamos o alumnado na busca e procura da información.
- E por último, creamos no colexio un bosque de sentimentos. Queríamos rematar cunha visión optimista e esperanzadora.

3ª Fase: Actividade final. Rematamos con dúas actividades: a actividade conxunta “Apadriña unha árbore” o 5 de xuño, día do ambiente, e o club de jazz centrado, este ano, na natureza. Deste modo puxemos o broche final ao proxecto.

3. Descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta

O equipo de biblioteca é o que propón o tema e diseña a planificación e temporalización de actividades. No mes de setembro realízanse dúas reunións nas que se comentan as propostas e se organiza o traballo. Toda esta información pásaselle ao resto dos compañeiros: tema e xustificación, obxectivos, competencias, actividades, os produtos finais e as datas.

4. Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto

4.1. Presentación do proxecto á comunidade educativa

O alumnado que está agora en 4º de primaria no proxecto do ano pasado centrara o seu estudo nos muíños do Folón e do Picón. No mes de maio visitáronnos e fixéronnos de novo este ano en setembro para comprobar o que pasou no verán. Ca súa testemuña comezamos o proxecto. Dáse a coñecer á comunidade educativa cun

[vídeo](#), titulado *Logo do lume que nos queda*, que reflicte a transformación que sufriu o noso monte.

4. 2. Desenvolvemento do PDI E agromará outro bosque

1ª Parte: Que pasou? Expresamos os nosos sentimentos

1. Introducción

Nesta primeira parte quixemos que o alumnado contase o que viviu durante os días dos incendios. Nas aulas compartiron as súas experiencias, os seus temores e tamén as súas aventuras, xa que moitos axudaron á extinción. En cada un dos niveis educativos traballouse de diferente forma e os resultados foron moi diversos.

2. Obxectivos

1. Reflexionar sobre o que pasou no concello.
2. Indagar sobre o acontecido.
3. Aprender a transmitir e expresar os sentimentos.

3. Actividades e produtos finais

3.2. QUE PASOU?

Un grupo de reporteiros, rapaces de primaria e secundaria, recolleron toda as novas relacionadas co acontecido.

3.2.1. Xornal de 5º A

Durante todo o curso elaborando artigos, artigos de opinión, entrevistas, pasatempos, deportes... Foi un traballo arduo e con un moi bo resultado, no que, os alumnos en grupos, foron creando o xornal en papel e [xornal dixital](#).. Contaron coa colaboración do profesor de inglés, que foi o encargado da montaxe final.

3.2.2. Xornal de secundaria

Realización dun xornal en versión papel e en [versión dixital](#) acorde co tema tratado no proxecto: Os incendios. Participou todo o alumnado a quen daba clase a profesora responsábel: un grupo de 1º ESO Agrupamento, dous grupos de 3º ESO, dous grupos de 4º ESO.

O xornal elaborouse tendo en conta os diferentes niveis que participaban e a relación que se podía establecer entre o tema tratado, o xeito de facelo e a vinculación coa materia de Lingua galega e literatura. Para iso dividíse en varios grupos que se encargaron das diferentes seccións:

- 4º ESO: Elaboración de todo o que ten que ver co deseño: portada, contraportada, titulares, fotos, anuncios por palabras, pasatempos...
- 3º ESO: Todo o que ten que ver coa redacción: entrevistas, noticias, crónicas, cartas á dirección...
- 1º ESO Agrupamento: elaboración de varios textos literarios a partir de modelos de Agustín Fernández Paz

Os obxectivos deste traballo eran:

- Que o alumnado sexa capaz de relacionar aspectos teóricos da materia coa súa aplicación práctica
- Que o alumnado saiba traballar de xeito autónomo coas TIC aplicándoas á materia
- Que o alumnado elabore e traballe con textos non estritamente literario se non doutra índole: xornalísticos
- Que o alumnado sexa capaz de sintetizar textos e elaborar ideas claves, principais e secundarias de textos (titulares, entradas... etc)

Estes foron os contidos que se traballaron: portada, reportaxe, entrevista, opinión, cartas á dirección, internacional, recomendacións, suplemento cultural, anuncios por palabras, obituarios, programación, horóscopos, pasatempos, contraportada

A metodoloxía empregada foi:

- Posta en común para dividir o xornal en seccións
- Repartición do traballo por grupos
- Análise de diferentes xornais escritos e en rede para solucionar dúbidas e estruturar o xornal
- Traballo por grupos na aula de informática e no exterior
- Montaxe do xornal en formato dixital e en formato papel DIN 3

3.2.3. O conto viaxeiro

Os máis pequenos do colexio iniciaron o [conto viaxeiro](#) que percorre as escolas do CRA. Cántannos como viviron eles os incendios. A final de curso o conto volveu para a nosa biblioteca.

3. Calendario

Este é o quinto ano consecutivo que se realiza esta actividade no centro promovida polo equipo de normalización lingüística. A partir dun tema cada aula presenta cinco debuxos con técnica libre que pasan a unha final. Expóñense os elixidos nos taboleiros do corredor e selecciónanse doce ilustracións que serán as que aparezan no calendario. Dende fai tres a temática xira en torno ao proxecto documental integrado proposto. Este ano o tema proposto é [“ A riqueza da nosa paisaxe e o lume”](#).

3.4. EXPRESIÓN DOS SENTIMENTOS

Hai unha serie de actividades que se fixeron en case todas as aulas con maior ou menor profundidade. A continuación se mostra un guión dos primeiros pasos que se deron:

- Presentación do tema ao alumnado e reflexión en gran grupo. Falaron de como viviron eles o incendio e do que sentiron. Amosaron os seus sentimentos e os seus medos. Algúns viron en perigo as súas casas. Falouse do que aconteceu ese día, de onde estaba cada un de nós, como nos decatamos de que o monte estaba ardendo, que aconteceu despois e sobre todo, que foi o que sentimos nese momento e nos días posteriores.

- Traballo a partir da unidade didáctica da [exposición "Non queimes o futuro"](#) elaborada pola AS-PG. O equipo de Normalización foi o encargado de organizar esta exposición. Estivo nos corredores durante varios días. Axudou a achegar ao alumnado a este tema e a traballalo dun xeito diferente.
- Actividades de expresión escrita (fíxose unha selección que se colgou no blog [Historias que agroman na quinta](#)):
 - o **Como o vivín?** Relatos como se sentiron eles e as súas familias tras o incendio. [Descricións literarias](#) os seus sentimentos. (4º EP, 2º e 3º ESO)
 - o Se fose unha árbore ou un animal. [Relatos](#) nos que se poñen na pel dun animal ou unha árbore. (4º, 5º e 6º EP)
 - o Elaboración dun **poema colectivo** a partir do título: *Ogallá me borren*. (5º)
 - o **Creación da canción** [Xa está ben de lume!](#) (6º EP)
 - o **Versos cheos de emoción:** [Versos y sentimientos \(I\)](#), [Versos y sentimientos \(II\)](#), [Versos y sentiminetos \(III\)](#). (1º ESO)
 - o **Expresión de sentimentos ante unha cámara.** Dividiron o [vídeo](#) en tres apartados: *SENTÍ*, *SIENTO*, *SENTIRÉ*. Pasado, presente e futuro uníronse para comunicar as súas preocupacións e os seus desexos. (2ª ESO)
 - o **Fotografías e textos.** Recolleron fotografías do incendio, feitas polos alumnos/as. Seleccionaron as fotos e cada un deles elaborou un [texto sinxelo](#), que en poucas palabras, explicara onde estaban e como se sentiron cando se produciu o incendio. Na segunda parte do traballo puxéronse na pel dos animais que viven nos nosos bosques, buscaron fotos deses animais e escribiron [textos como se fosen os animais os que falaban](#), no medio ou despois do incendio. (3º PDC)
 - o **Tríptico. A fotografía e a fotomontaxe.** A partir de dúas fotografías da paisaxe de O Rosal, tomadas antes e despois do incendio que aconteceu no verán, realízase unha imaxe composta en forma de tríptico, na que o alumnado expresa unha emoción ou idea respecto do acontecido. Neste traballo, a través da edición fotográfica por medios informáticos e analóxicos, os rapaces e rapazas desenvolveron as súas capacidades de deseño e de creación, pero tamén tomaron conciencia das emocións que o incendio lles provocara. O [resultado](#) foi dun nivel excepcional, a nivel técnico, artístico e expresivo.

Os produtos finais foron variados: canción, textos, fotografías, colaxes ... Moitos destes traballos están colgados nos blogs: [Historias que agroman na quinta](#) e [A quinta dos libros](#).

2ª Parte: Afondamos no tema

Nesta segunda fase do proxecto queríamos centrarnos na busca e no tratamento da información. A actividade central foi o un intercambio de coñecementos no que participou case todo o centro. Os rapaces investigarían sobre un tema e serían os encargados de explicalo aos seus compañeiros. Para apoiar este estudo organizáronse charlas e unha exposición.

1. Exposicións

No mes de marzo acolleemos unha [exposición de fotografía](#) que nos prestou un grupo de afeccionados á fotografía que ofrecía dúas ópticas distintas sobre os Muíños do Folón e do Picón antes e despois do incendio. No mes de maio do 2012 visitaron os Muíños do Folón e do Picón. Nesa visita, fixéronse fotografías da zona no esplendor

da primavera. Despois do incendio sufrido polos montes do Rosal en agosto, xurdiu a idea de facer fotografías da mesma zona.

2. Visita dos bombeiros

No mes de marzo visitáronnos os [bombeiros](#) da Garda. Todo o alumnado de primaria saíu en quendas ao patio para recibir unha charla informativa sobre os labores de extinción e o traballo dos bombeiros.

4. Visitounos Isaac, o presidente da comunidade de montes do Rosal

Quixemos que estivese con nós quen mellor coñece o monte do Rosal. Por iso convidamos a Isaac, o presidente da comunidade de montes. Celebráronse tres charlas, unha para 4º e 5º de primaria e dúas para o alumnado de secundaria .

A súa intervención centrouse en tres aspectos: o [valor do noso](#) monte, as [causas](#) do incendio do Rosal, a [rexeneración](#) do noso bosque. Fixéronse tres vídeos que recollen os aspectos máis importantes das charlas. Elaboráronse [actividades interactivas](#) para que os rapaces demostren o que saben sobre o seu monte despois de escoitar a Isaac.

5. Carteis informativos

O alumnado de 4º de informática realizaron [carteis informativos](#) sobre os incendios. Utilizaron un programa de deseño gráfico.

6. Banco de coñecementos

6.1. Por que?

Na segunda avaliación chegou o momento de indagar. Despois da reflexión colectiva sobre o que pasou había que buscar as causas e as consecuencias. Os investigadores ían ser os propios alumnos que tamén se converterán en expertos da materia e conferenciantes.

6.2. Que temas se podían traballar?

Elaborouse un listado con trece temas posibles.

6.3. Quen participou?

Participaron un total de dezasete grupos de primaria e de secundaria, dun total de 21, contando os PDC.

6.4. Como se traballou nas aulas?

O xeito de traballar foi moi parecido en cada materia. Dividiuse as aulas en grupos. Durante algunhas sesións baixaron á biblioteca para buscar información en diferentes soportes sobre os incendios. As clases foron diferentes. Cambiouse o espazo e a disposición (a biblioteca). Aprenderon a seleccionar a información e a procesala. O último paso foi escoller entre todos as imaxes e os textos para facer unha presentación. Repartiuse entre todos o traballo: presentación e exposición. Estes foron

os temas: 1º EP: Os incendios, 2º EP: Prevención, 3ºA: A desertización do planeta e a Muralla Verde, 3º B: A rexeneración dos bosques, 4º A: Incendios de subsolo, 4º B: Árbores resistentes ao lume, 5º A: Os grandes incendios da historia, 5ºB: Flora e fauna do Rosal, 1º ESO A: Grandes incendios, 1 ESO B: Incendios subterráneos, 2ª ESO A: Prever é actuar, 2º ESO B: A prevención, 2º ESO Agrupamento: Os beneficios do monte, 3º A e 3º PDC: As causas dos incendios, 3º B: A desertización do planeta, 4º PC: A combustión, 4º Latín: Grandes incendios da historia.

6.5. Como nos organizamos?

Fíxose un horario que recollía o lugar e a hora na que se ía producir o intercambio de coñecementos. Os maiores baixaron ás aulas de primaria e os pequenos subiron posteriormente ás aulas de secundaria.

Era importante que esta actividade se dera a coñecer a toda a comunidade educativa. Por iso anunciámola con diferentes carteis que se colocaron nos corredores. Colocáronse carteis informativos que anunciaban a actividade. Ademais publicouse unha entrada no [blog](#). As charlas tiveron lugar o [xoves](#), día 13, e o venres 14 de marzo. Cada profesor coñecía o horario e baixaba co seu alumnado á clase correspondente. Profesores do equipo estaban pendentes e encargábanse da parte técnica.

6.6. Produto final?

Desta vez o produto final foron sesións de intercambios de coñecementos. Nas que maiores e pequenos compartiron aula e coñecementos durante unha clase. Recolléronse os mellores momentos nun vídeo que se colgou no [blog](#). Os pequenos recolleron os seus traballos nun libro que pasa a formar parte da biblioteca na sección “Feito por nós”.

6.7. Valoración

Foi unha actividade moi enriquecedora tanto para o alumnado coma para o profesorado.

A nivel do profesorado implicou:

- Un traballo en equipo.
- Coordinación de diferentes niveis educativos.
- Planificación dun traballo diferente.
- Aplicación de novas metodoloxías nas aulas (novos espazos, traballo por grupos...).

A nivel do alumnado aprenderon:

- A buscar e procesar a información en diferentes fontes.
- A ler en diferentes soportes distintos tipos de textos.
- A traballar en equipo.
- A falar en público.
- A escoitar aos seus compañeiros.

Aprendemos que todos podemos ensinar e aprender dos demais.

3ª Parte: O bosque dos sentimentos

Queremos rematar como comezamos: expresando sentimentos. Nos primeiros meses compartimos a tristura, a dor, a impotencia ... E agora queremos rematar coa esperanza e a ilusión. Propuxémoslle ao claustro crear un bosque de sentimentos que nacesse na biblioteca e se expandise polo espazo de lectura e parte do corredor, espazos comúns para todo o alumnado e profesorado.

Como se traballou en primaria?

- Os [pequenos](#) do colexio pintaron unhas follas con ceras, rotuladores e témperas. Por detrás delas escribiron anaquiños de contos, frases significativas e slogans. A idea que queren transmitir é que no bosque, nas árbores hai vida porque nos dan o osíxeno e grazas a elas viven os animais e as persoas.
- En [3ºA](#) fixeron unha árbore na clase empregando como material a “goma eva”. Na copa colocaron mazás con distintas caras nas que se expresan distintos sentimentos.
- En [3ºB](#) construíronse con pequenas polas de árbores, papel de diferentes cores e distintos materiais de refugallo. As palabras dos sentimentos foron seleccionadas dun “brainstorming” feito na clase .
- En [4ºA](#) decidiuse que o tronco sería de latas de refresco, as follas serían da parte prateada dos “tetrabrick” e as pólas, de vimbio. Na parte verde das follas, copiaron os textos que estaban escribir os rapaces no obradoiro de escritura.
- En [4ºB](#) decidiron como facer a nosa árbore: con cartón como base e cartolinas de cores cortadas en semicírculos. Decorárona con follas nas que estaban escritas as frases de Wangari Mathai relacionadas cas árbores, a natureza, a necesidade de preservar os bosques existentes e de plantar novas árbores.
- En [5ºA](#) buscaron entre todos sentimentos e os expresaron nunha soa palabra. Puxéronnos en varios idiomas: galego, castelán e inglés.
- En [5ºB](#) fixeron unha árbore cunha póla dunha árbore que el podara, que se cubriu con papel e con follas de carballo pintadas onde están escritas palabras e frases que expresan sentimentos.
- En [6ºC](#) empregando botellas de plástico como material de reciclaxe crearon unha estrutura semellante a unha árbore. Engadiron poemas persoais dos alumnos.

PROXECTO INTERDISCIPLINAR: O BOSQUE FANTÁSTICO

1º Parte: O bosque. Investigación e documentación sobre os seres fantásticos e mitolóxicos que habitan os bosques e os coidan. O traballo desenvolveuse en catro etapas:

- Documentación: En libros e textos na rede, o grupo indaga os diferentes nomes e características destes seres.
- Deseño dos seres fantásticos: Traballo individual. Cada alumno e alumna escolle un dos seres e fai un deseño. Procúrase estimular a imaxinación e a creatividade.
- Procura na rede das imaxes dos seres fantásticos: Análise crítica, en grupo, das imaxes atopadas
- A árbore: Na entrada do centro, construción dunha [árbore](#) para mostrar o traballo, colgando nas súas ramas os personaxes deseñados.

2ª Parte: Creación dunha árbore animada

Os dous grupos crearon unha [árbore animada](#) de tamaño natural. Decidiron entre todos o deseño e os materiais de elaboración.

XAIME E AS LANDRAS

Na materia de tecnoloxía traballaron dende principio de curso un proxecto baseado na lectura de [Xaime e as landras](#) de Tim Bowley e Inés Vilpi. As fases deste proxecto foron as seguintes:

1ª Parte: Deseño e construción das árbores. Obradoiro de tinguido de sisal.

2ª Parte: Remate das árbores. Modificación da historia introducindo un incendio.

3ª Parte: Deseño e construción de dous bosques

Lectura do conto aos rapaces da escola do Couso, facendo un incendio real.

ACTIVIDADE INTERDISCIPLINAR

Na materia de plástica o alumnado de 4º de secundaria deseña, en grupos, [árbores de diferentes tipos e materiais](#) que servirán como soporte para expoñer os traballos feitos polos seus compañeiros e compañeiras en outras materias. Cada grupo ten absoluta liberdade para escoller os materiais e a forma da súa árbore, sempre que sexan materiais de reciclaxe. Xermolaron nos corredores do centro árbores de botellas, árbores de cotiza, árbores de cartón e de arame...

O alumnado de 2º de secundaria aprende a facer follas de papiroflexia na materia de tecnoloxía. As follas fanse con papel verde e gris. Escribírase nelas o [texto que crearan en lingua castelá](#).

Este alumnado terá que facer un poema colectivo. En primeiro lugar trabállase en pequenos grupos. Cada un recibe un pedaciño de papel. Nel terá que escribir un ou dous versos seguindo unhas pautas. O poema tratará sobre unha árbore e cada grupo deberá escribir sobre unha parte da mesma. Apóstrofe á árbore destacando as súas características. Descrición do tronco, das ramas, das follas e das raíces utilizando algún recurso literario. Referencia á sabía da árbore.

Pedíuselle ao alumnado de 3º ESO que buscase unha fotografía dun monte, un bosque o un parque natural de calquera parte do mundo. Estas imaxes recórtanse en forma de folla. Estas fotografías servirán para inspirarse na creación do seu poema colectivo. O alumnado de 3º de PDC buscou imaxes de cadros nos que aparecese a natureza e versos, facendo un colaxe en cada [folia](#).

O resultado final foi a creación dun [bosque de sentimentos](#) no que participou todo o alumnado do centro.

OBRADOIRO DE RECICLAXE

Este [obradoiro](#) ía dirixido ao alumnado de 2º e 3º ciclo de primaria. O principal obxectivo era que os rapaces aprendesen a valorar a natureza e a coidala. O obradoiro dividiuse en dúas sesións. Na primeira aprenderon a facer papel reciclado..

Na segunda pintaron as follas que crearon. Tiñan que reflectir nelas como ven o bosque do Rosal.

4.3. Actividade final

Decidiuse escoller 21 árbores e asignarlle a cada unha das aulas unha. A principio de curso pasóuselle a cada titor unha ficha coa información da súa árbore e un plano para poder situala. En diferentes momentos do curso cada titoría saíu ao patio para facer un seguimento en cada estación. Fixeron fotografías e recolleron mostras da cortiza que pasaron ao equipo de biblioteca que será o encargado de montar o libro.

O día 5 de xuño, Día do ambiente, farase o [apadriñamento de cada árbore](#). Ás 12:00 da mañá cada aula baixará ao patio co seu titor/a. Púxose o nome de cada unha e leuse varios textos escollidos previamente. Con esta actividade conxunta preténdese pechar o proxecto cunha connotación positiva. O obxectivo final é que o alumnado valore o seu entorno e aprenda a coidalo e a respectalo.

E por último, o 16 de xuño o alumnado de secundaria e o profesorado asistiu ao [club de jazz](#) que este ano xirou en torno a [temas musicais](#) relacionados coa natureza. Deste xeito pecharase o proxecto deste ano. Coma sempre houbo actuacións en directo e a biblioteca vestiu de gala para a ocasión.

5. Recursos utilizados e fontes consultadas

O primeiro paso foi seleccionar recursos e materiais. Na biblioteca temos un estante específico para os libros e materiais relacionados co proxecto.

- Mercáronse libros de consulta relacionados con esta temática: incendios, bosques, árbores, natureza ...
- Adquiríronse novas lecturas nas que a natureza é a protagonista.
- Seleccionáronse [películas](#) e compráronse algunhas novidades para poder traballar na aula, nas horas de titoría. No blog [Cine na quinta](#) colgouse a ficha técnica de cada unha, as idades recomendadas e o tráiler.
- Ademais publicamos no blog os [recursos virtuais](#) que nos axudaron este traballo. Clasificáronse por temas para que a busca sexa máis sinxela.
- Obxecto ou temática de investigación propostos.

6. Implicación da comunidade educativa

A biblioteca é o motor do proxecto no que se implica toda a comunidade educativa. Este ano participaron todos os titores de primaria nalgunha parte do proxecto e máis da metade de secundaria.

Profesorado de primaria: Gloria Baz Baz (1º), Rajkumarie Santoke Basanti (2º), Lorena Alvar Blanco (3º A, equipo de biblioteca), Mercedes Martínez Vázquez (3ºB), Olimpia Alcaraz, Ladrero (4ºA, equipo de biblioteca), Mª Teresa Iglesias Pena (4ºB, equipo de biblioteca), Mª Elvira Lomba González (5ºA, equipo de biblioteca), Sabela Rodríguez Jardón (5ºB), Mª Yolanda Álvarez Fernández (6ºA), Mª José Casares Diéguez (6ºB), David Pose Regueiro (6ºC)

Profesorado de secundaria: Ana Mª Álvarez Chamosa (Lingua Galega, equipo de biblioteca), Pilar Baluja (profesora de Física e química), Adrián Barreiro Viñas (profesor de Ciencias Sociais), Mª Asunción Carballo Rodríguez (profesora de Lingua castelá, coordinadora da biblioteca), José Tomás Díaz Teijo (Lingua inglesa, equipo de

biblioteca), Carlos Fernández Prieto (Ciencias sociais), Andrés Freire Ruiz (Lingua castelá), Sonia García Castiñeira (Lingua inglesa, equipo de biblioteca, xefa de estudos de secundaria), Elena Gómez Dahlgren (Educación Plástica y Visual, equipo de biblioteca), Elena Gómez Rodríguez del Valle (Xeografía e Historia, equipo de biblioteca), Jesús Rodríguez Gregores (Lingua inglesa), M^a Dolores Sánchez Blázquez (PT, coordinadora del equipo de normalización lingüística, equipo de biblioteca), Juan Santano Gómez (Educación Física, equipo de biblioteca), Ramón Delgado Sotorrio (Bioloxía), Helena Vidal Porto (Tecnoloxía e informática, coordinadora ABALAR, equipo de biblioteca).

7. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa

Os produtos finais do proxecto expóñense no espazo de lectura que está na entrada do centro ao lado da biblioteca. Os materiais impresos pasan a formar parte da sección Feito por nós. Paralelamente cólganse nos blogs os resultados finais para que toda a comunidade educativa os poda coñecer.

8. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias

Ao propoñer un novo proxecto buscamos acadar dúas metas principais. Por unha banda, ampliar o noso coñecemento sobre un tema determinado. E por outra, axudar ao alumnado a que adquira as competencias básicas introducindo un cambio de metodoloxía nas aulas.

O principal obxectivo que persegue o proxecto é que o alumnado se sinta o protagonista do seu proceso de aprendizaxe, aprendendo a buscar e seleccionar a información, e a formar unha actitude crítica ante o coñecemento.

Incídese na lectura de diferentes tipos de textos en distintos soportes, na comprensión oral e escrita. Ademais queremos formar alumnos e alumnas que saiban expresar os seus sentimentos, as súas opinións, tanto en voz alta coma por escrito.

A final de curso pasouse unha enquisa ao profesorado e ao alumnado para que valorase o proxecto: a organización e planificación, o desenvolvemento, os produtos finais. A valoración foi positiva tanto por parte do alumnado coma do profesorado.

O traballo por proxectos axudounos a cambiar a nosa forma de traballar, de planificarnos e organizarnos. Favorece a interdisciplinariedade e a coordinación entre diferentes niveis e materias; un aspecto moi positivo nun centro coma o noso que alberga unha gran variedade de alumnado, un CPI con rapaces desde os seis ata os dezaseis anos.

9. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso

A biblioteca é a responsable de introducir este cambio de metodoloxía no centro que pouco a pouco vaise afianzando. O equipo presenta o tema ao claustro e propón as tarefas que se poden levar a cabo en cada nivel educativo. Ademais busca e selecciona os materiais para apoiar este proceso, porque a biblioteca pasa a ser a fonte de recursos. O equipo é o encargado de mostrar os produtos finais a toda a comunidade educativa.

Os enderezos url do espazo onde está aloxado o **Proxecto Documental Integrado “E agromará outro bosque”** son:

A quinta dos libros:

<http://aquintadoslibros.blogspot.com.es/>

Historias que agroman na quinta:

<http://historiasqueagromannaquinta.blogspot.com.es/>

Cine na quinta:

<http://cinenaquinta.blogspot.com.es/search/label/E%20agromar%C3%A1%20outro%20bosque>

Información sobre o proxecto:

<https://sites.google.com/site/pdi20132014/home>